

# ¿ E SI O MIRAMOS DOUTRO XEITO?

## 1.- Introducción

A mediados dos anos setenta do pasado século, nunha das loitas agrarias mais importantes ( senón a que mais) dos últimos cincuenta anos a palabra de orde das persoas mobilizadas era: “nos non somos empresarios, fora a cota empresarial”. unha reivindicación do seu carácter labrego ( ou campesiño). Hoxe, un terzo de século mais tarde, cando nos referimos ao sector agrario evitamos falar das pequenas explotacións labregas e só temos en consideración ás explotacións profesionais. Mesmo se prefire denominar doutra maneira ás persoas que traballan nelas. Xa non son labregos/as senón gandeiros/as, viticultores/as, empresarios/as agrarios/as, ...A razón pode estar en que durante este tempo foi avanzando silandeiramente a grande reconversión do medio rural galego e a poboación activa agraria caeu dramaticamente. A pequena explotación familiar minifundista, centro dos ataques de quen vía nela o exemplo do noso atraso, foi arrombada e pouco a pouco fíxose invisíbel.

Sen embargo nas ultimas décadas, paralelamente a esta evolución do sector agrario no noso país, no ámbito da agricultura mundial viron a luz importantes novidades. En primeiro lugar, estendeuse a preocupación polo medio ambiente, xurdiron organizacións e ideas ecoloxistas que axiña acadaron unha ampla aceptación . En segundo lugar , a agricultura empezouse a concibir non só como unha actividade que produce alimentos e fibras, senón tamén servizos á sociedade, nomeadamente servizos ambientais. En terceiro lugar, gañaron terreo os sistemas de produción sustentábeis, ecolóxicos, mesmo agroecolóxicos. En cuarto lugar o camiño seguido pola agricultura galega, baseada na especialización leiteira e o monocultivo gandeiro deu síntomas de esgotamento. Finalmente vimos como, a traveso da internacional Via Campesíña, tomaba forza o movemento campesiño a nivel mundial facendo da defensa da pequena explotación familiar o eixo das súas reivindicacións

Como consecuencia moitas persoas, labregos/as de todo o mundo, economistas, técnicos/as, académicos/as, investigadores/as, etc. van definindo un novo paradigma para un desenvolvemento agrario alternativo ao que coñecemos ate de agora. Nesta procura vanse formulando e xeneralizando novas propostas e conceptos como a multifuncionalidade da actividade agraria, a soberanía alimentar, un novo modelo de crecemento económico ou mesmo de decrecemento. Todo isto suxírenos que estamos ao final dunha etapa histórica e que necesariamente, queirámolo ou non, debemos iniciar unha nova que se desenvolverá posibelmente nun un novo contexto mais favorábel para as pequenas explotacións. Non parece doado albiscar para onde hai que ir, mais, como dicía o autor do principiño, para ver claro hai que cambiar a dirección da mirada. Iso é o que nos propoñemos ollar a situación da agricultura e do medio rural galego desde outra perspectiva.

## **2.- O medio rural lugar de residencia**

Podemos clasificar as parroquias e núcleos de poboación galegos en catro grupos. No primeiro viven algo máis da cuarta parte dos habitantes de Galiza, pero neles están localizadas practicamente catro de cada cinco persoas ocupadas na agricultura e preto da metade dos/as xubilados/as. Son parroquias con menos de 800 habitantes en núcleos que non chegan aos 200 cada un. Podemos definir estes asentamentos poboacionais como núcleos **rurais labregos**. O segundo, que englobaría ás parroquias que teñen entre 800 e 2000 habitantes, representan algo menos da quinta parte da poboación galega pero neles localízase máis da terceira parte das persoas ocupadas na pesca. Poderíamos definilos como núcleos **rurais pesqueiros**. O terceiro grupo e cuarto grupo serían os núcleos **vilegos e pesqueiros** e os núcleos **urbanos e de servizos**.

Ao noso entender, o medio rural estaría definido polos dous primeiros grupos xa que neles viven a practica totalidade das persoas que se dedican á agricultura e case a metade das que se dedican á pesca. Pero tamén viven a terceira parte das persoas que traballan nos servizos, a metade das que traballan na industria, preto do sesenta por cento das que traballan na construción e dos xubilados/as.

Si observamos como se distribúen internamente as persoas activas decatáronos de que nos núcleos rurais labregos as persoas que oficialmente traballan na agricultura é pouco máis da quinta parte. A porcentaxe de persoas que traballa na construción é só lixeiramente inferior, o mesmo que as que traballan na industria, mentres que as que traballan no sector servizos é case o dobre.

Podíamos dicir que a inmensa maioría das persoas que traballan no sector agrario viven nos núcleos rurais, pero que a maioría das persoas que viven nos núcleos rurais non se dedican á actividade agraria. O medio rural é pois fundamentalmente o lugar de residencia, actual, e posiblemente futuro, de aproximadamente a metade da clase traballadora galega.

## **3.- A actividade agraria: diferentes tipos de explotacións agrarias.**

Si nos centramos na actividade agraria, é conveniente agrupar as explotacións galegas para un mellor estudo das mesmas. Temos realizado unha análise estatística que nos permite distinguir tres grupos. Nun extremo están as pequenas explotacións labregas familiares, cun tamaño inferior a 10 Has. onde o traballo é exclusivamente familiar, principalmente agricultores/as a tempo parcial e xubilados/as. Nestas explotacións domina a pluriactividade e unha produción mixta ( agricultura e gandería ) aínda que as de maior tamaño dentro delas están dedicadas principalmente á produción animal.

No outro extremos sitúanse as grandes explotacións de gandería industrial, con case 40 Has e 350 UGM de media. Predomina produción de granívoros aínda que a de leite tamén desempeña un papel importante.

Nun lugar intermedio agrúpanse as que podemos chamar explotacións medias en transición, cun tamaño medio de case 30 hectáreas. O traballo non é só familiar xa que os empregados permanentes representan unha terceira parte do mesmo. As explotacións deste grupo están

dedicadas case exclusivamente á cría de gando, especializadas na produción de leite e cunha elevada carga gandeira.

#### **4.- A pequena explotación labrega familiar hoxe: ¿Debilidade ou fortaleza? ¿Ameaza ou oportunidade?**

##### **4.1.- A eficiencia económica das pequenas explotacións**

A análise do papel das pequenas explotacións familiares non se pode limitar só ao estritamente económico, pero imos comezar por este. A relación entre o tamaño das explotacións e a produtividade na agricultura é un dos debates mais vellos. Aínda que algúns autores consideran que as pequenas explotacións son ineficientes ( Haji, J. , 2007 ) a maioría dos datos evidencian que as explotacións máis pequenas producen moito máis por unidade de área que as grandes explotacións ( Rosset, 1999; Badgley et al, 2007; Rodriguez Sperat et al, 2008; Tauer, 2001 ; Mendoza. 2002;, Dufumier,2006 ). A eficiencia da produción agrícola a pequena escala pódese considerar xeral en todo o mundo.

Algúns autores consideran que si ben as pequenas explotacións fan un uso máis eficiente da terra, as grandes xeralmente teñen maior produtividade do traballo debido a mecanización. Sen embargo Rosset ( 1999 ) considera que, si temos en conta a media da eficiencia do uso de todos os diferentes factores que entran na produción, incluíndo a terra, traballo, insumos, capital, etc., as pequenas explotacións seguen sendo mais eficientes.

Pola nosa banda temos realizado algúns estudos para comprobar si isto tamén se pode considerar valido en Galiza, para o cal utilizamos distintas fontes de datos e diferentes criterios para medir tanto a produtividade por unidade de produción como o tamaño e a intensificación. Os resultados conducen ás mesmas conclusións cualitativas aínda que poidan ofrecer distintos matices desde o punto de vista cuantitativo, confirmando a hipótese de que existe unha relación inversa entre tamaño da explotación e rendemento económico por Ha. As curvas obtidas axústanse as que están definidas para outros países, acadándose a máxima eficiencia económica con explotacións de tamaño que se pode considera pequeno ou, en todo caso, mediano.

Mais esta análise desde o punto de vista individual queda coxa. Seria preciso analizar a eficiencia económica desde o punto de vista colectivo. É doado comprobar que si todas as explotacións tiveran menos de 40 UGM, a súa renda sería a metade pero empregarían case tres veces mais de persoas. Así pois, as pequenas explotacións son mais eficientes desde o punto de vista da redistribución da renda, si ben a que obteñen é baixa, mesmo pode considerase insuficiente. Sen embargo é unha boa base para que, cunha política axeitada se poida mellorar conseguindo deste xeito un bo numero de postos de traballo e con nivel de renda digno. Pola contra unha política que prime as grandes explotacións só consegue concentrar o traballo a renda en moi poucas persoas.

##### **4.2.- Os labregos/as invisíbeis. ¿ Unha agricultura urbana e periurbana no rural?**

En Galiza a produción agraria depende, en grande medida, de labregos/as que normalmente son invisíbeis, porque non son profesionais nin aparecen nas estatísticas. Agricultores/as a tempo parcial que normalmente non se inclúen no computo de activos/as agrarios mais que achegan, segundo os nosos cálculos, aproximadamente a metade da unidades de traballo agrario (UTAs).

Como dixemos, a maioría das persoas que viven no medio rural non son “oficialmente” activos/as agrarios/as. Sen embargo non están alleas nin á actividade agraria nin á xestión do territorio. Desde o noso punto de vista, aínda que estea localizada no medio rural, a agricultura practicada por estas persoas, se a entendemos en sentido amplo, ten unhas características específicas que nos permiten cualificala como agricultura periurbana ( e/ou urbana).

Hai persoas para as que o medio rural é tanto un lugar de traballo como de residencia. Pero existe unha porcentaxe importante (unha maioría hoxe en día) para as que o medio rural é o lugar de residencia pero teñen o seu lugar de traballo en cidades ou vilas. E fundamentalmente para estas persoas para as que podemos utilizar o concepto de agricultura periurbana, ( considerada en sentido amplo ) a fin de encadrar a agricultura que practican.

A agricultura urbana e periurbana practícase tanto nos países subdesenvolvidos como nos desenvolvidos sendo un sector en rápido crecemento. A súa importancia aínda é descoñecida tanto a nivel local como global sen embargo, a FAO estima que proporciona alimentos aproximadamente á cuarta parte da poboación urbana mundial ( 700-800 millóns de persoas) e existen Redes sobre a Agricultura Urbana en Estados Unidos, América Latina, África e Europa así como universidades que ofrecen títulos de estudos superiores.

#### **4.3.- O valor dunha produción agraria que non conta pero que nos alimenta**

Unha parte importante da produción destes labregos/as invisíbeis ten como destino o consumo propio. Este tipo de produción para autoconsumo está xeneralizada na práctica totalidade das explotacións agrarias mais está fundamentalmente localizada e é particularmente importante nas pequenas explotacións agrarias familiares e a súa análise ofrece outra dimensión económica das mesmas. Desde o noso punto de este tipo de produción ou ben simplemente non se valora economicamente ou ben, non se fai axeitadamente. Si facemos unha valoración axeitada da produción para consumo propio, das súas características e destino podemos chegar as seguintes conclusións: mentres que a produción das grandes e medianas explotacións se pode definir como de monocultivo gandeiro con destino á exportación a das pequenas explotacións é unha produción diversificada que se destina a alimentar aos galegos/as.

Os datos son elocuentes. Desde o punto de vista da importancia económica non andariamos moi descamiñados se afirmamos que as pequenas explotacións labregas familiares de Galiza son as responsábeis de dúas terceiras partes da renda agraria total si esta a estimamos incluíndo o valor da produción para autoconsumo a prezos de mercado

Si temos en conta o destino, podemos afirmar que a agricultura comercial a penas cubre algo mais da terceira parte do noso consumo de produtos agrícolas. Pola contra, si comparamos os datos da produción para consumo propio en hortas familiares e o consumo medio por habitante, podemos concluír que a produción non comercializada ( sen valor comercial ) está alimentando non só a xente que vive no medio rural senón tamén a unha parte substancial da poboación vilega e urbana.

De non existir as pequenas explotacións labregas familiares ( e como parte delas, a agricultura a tempo parcial e/ou a agricultura periurbana do rural) a situación da Galiza deste o punto de vista da soberanía e/ou a suficiencia alimentaria sería catastrófica

#### **4.4.- ¿ agricultura atrasada ou agricultura de precisión?**

A estas alturas pode haber persoas ás que lles poida sorprender a eficiencia económica das pequenas explotacións familiares que sempre foron consideradas atrasadas. Sen embargo isto non é novo para os/as historiadores/as porque, desde esta perspectiva, a agricultura galega non se pode considerar atrasada. Ao contrario, os seus bos resultados no pasado están constatados ( Fernández Prieto, L. 2000; Villares , R, 2000; Soto, D. , 2002 ; Rodríguez Galdo, M.X, 2000 ).

¿Cal é a razón? Se cadra se recorremos aos defensores do minifundio ( que a pesar de todo sempre os houbo) poderemos comprendelo: *“O agricultor (.../...)escolle as súas sementes e as alterna diferentes en cada porción da súa parcela e segundo as condicións atmosféricas do ano (.../...) Non da iguais labores, nin en iguais períodos, nin en igual forma, nin en igual número, senón amoldándose sempre ao que reclaman a variedade do solo e a inconstancia da atmosfera ( Valenzuela Ozores, 1865, citado por Rodríguez Galdo, 2000 ).* E dicir a nosa agricultura minifundista pretendía optimizar a produción agrícola tendo en conta a variabilidade do ecosistema, establecendo estratexias para usar os insumos necesarios na cantidade requirida, no sitio adecuado e no momento oportuno. Curiosamente esta é a definición, mais ou menos textual, que Leiva, F.R. ( 2003 ) da para a chamada “agricultura de precisión”, a mais moderna das agriculturas convencionais, que, na súa forma actual, apareceu en Estados Unidos a principios dos anos 80. Xa que logo ¿Non era – e afortunadamente aínda o é en certa medida- o minifundio en Galiza unha agricultura de precisión ? Daquela,¿ non será reconvertibel nunha “agricultura de precisión” á galega e polo tanto, dando un salto no tempo, un punto de partida para coller o sendeiro da modernidade?

Poderase argumentar que esta agricultura de precisión se fixo a base dun enorme esforzo humano que hoxe non sería defendíbel. E é verdade. Mais hoxe non ten por que ser así. De feito xa non o é . Estudios propios e alleos (Chauvat et al , 2003; Fuentes Colmeiro, R, 2007) conclúen que o problema do traballo nas explotacións agrarias non parece estar no volume do mesmo, senón en outros dous aspectos diferentes. Por unha banda, na dificultade para xestionar puntas de traballo sobre todo en determinados sistemas de produción e pola outra, na dificultade de soportar o traballo diario non por ser moito senón por ser repetitivo ou continuo.

Esta situación conleva a que, en certo xeito, se estea dando unha transferencia de traballo ( e con elo de renda ) desde ás explotacións agrarias a outros sectores. Por exemplo, o subministro de alimento ás explotacións por parte das cooperativas ( o que popularmente se chama o “catering”) reduce a tempo de traballo na explotación nunha hora mais ou menos ( depende do numero de vacas). Mais como este tempo non se consume noutras actividades da explotación porque non é necesario, o resultado é que o gandeiro/a reduce a súa xornada laboral, pero a costa de reducir a súa remuneración que debe empregar en pagar á cooperativa. O mesmo podíamos argumentar sobre a mecanización desproporcionada de moitas explotacións. Cando o rendemento económico

da explotación o permite, parece razoable e mesmo desexable aumentar o tempo libre, transferindo traballo a outros sectores, mais cando o rendemento económico non o permite parece absurda unha estratexia que converte unha xornada a tempo completo nunha xornada a tempo parcial na explotación.

Tampouco é totalmente certo que a dispersión das parcelas minifundistas produza un aumento do traballo. Xa a comezos do século pasado, Valeriano Villanueva defendía a súa posición favorable ao minifundio cun argumento, desde o meu punto de vista tan inapelable e de sentido común que é difícil de entender como pasaron tantos sen facerlle caso ( e seguimos sen facerllo): “Se o noso labrador para arar media hectárea de terreo, sexa o arado que se queira, necesita saír dou ou tres días ao campo, élle indiferente saír con dirección ao sitio da véspera que a outro distinto sendo aproximada ou igual a distancia”. (Villanueva, V. 1913).

Si os estudos históricos xa tiñan concluído isto, as investigacións actuais confírmalo. A eficiencia da maquinaria, por exemplo, aumenta co tamaño da parcela, pero só ate un determinado umbral por riba do cal este aumento da eficiencia practicamente desaparece. (Rodríguez C et Wieganda, K, 2009 ). Nun estudio realizado por nos, conclúese que o tempo de traballo consumido no pastoreo aumenta lixeiramente coa distancia media das parcelas á casa pero observase un efecto positivo da dispersión. O tempo de traballo diminúe ao aumentar o numero de parcelas e a partir de dez podemos considerar que non varia.

En resumidas contas, a multiparcelación só é un problema para as pequenas explotacións labregas familiares na medida en que o sistema produtivo non se axusta á organización territorial. O sentido común diríanos que deberíamos ter optado polo sistema produtivo e a mecanización máis apropiada á estrutura territorial existente pero, en lugar disto, dedicamos enormes cantidades de diñeiro público e privado á reorganizar a estrutura territorial ( concentracións parcelarias ) para adaptala a sistemas produtivos que nos veñen impostos.

#### **4.5.- Os servizos que as pequenas explotacións familiares prestan a sociedade**

As pequenas explotacións agrarias familiares cumpren funcións de grande transcendencia para a sociedade no seu conxunto. Aínda que tradicionalmente os sistemas agrarios foron concibidos como fontes básicas de bens de consumo, recentemente tense posto de manifesto a súa importancia na prestación de servizos ambientais, intrinsecamente ancorados no territorio e na estrutura da paisaxe que, ao mesmo tempo, son básicos para a supervivencia dos agroecosistemas e para que estes poidan cumprir cos obxectivos de subministrar os bens de consumo necesarios para a poboación humana.

Algúns destes servizos poden ser valorados polo mercado e polo tanto ter un prezo. Outros poderían ser valorados pola sociedade, a traveso da administración ( por exemplo o custe de mantemento das infraestruturas- camiños, valados, socalcos, ..). Finalmente hai servizos de moi difícil- senón imposíbel- valoración (a conservación da biodiversidade, a paisaxe ou as tradicións...)

Non se trata, xa que logo, de facer sen máis unha valoración económica dos servizos que determinados modelos produtivos agrarios prestan a sociedade, co fin de ter en conta aquilo ao cal lle podemos asignar un valor monetario, deixando de lado aquel outro ao que somos incapaces de atoparlle un beneficio.

O que se trata é de “poñer en valor” o papel social da pequena agricultura. Para iso ímonos centrar nalgúns aspectos que, ao noso entender, son fundamentais.

Unha das achegas mais importante que as pequenas explotacións agrarias familiares fan á sociedade é a súa indispensable participación na xestión do territorio. Esta participación ven determinada en primeira instancia pola capacidade para ocupar o medio rural, como lugar de traballo e/ou de residencia. A partir desta capacidade de ocupación do territorio, os/as labregos/as interveñen no mantemento da paisaxe e das infraestruturas, na xestión da auga e do monte ( forestal ou non), etc.

As pequenas explotacións labregas familiares acollen practicamente a nove de cada dez persoas que traballan na agricultura e achegan a metade das unidades de traballo. A ocupación do territorio depende delas porque son as principais responsábeis da existencia de poboación rural. Poderíase argumentar que non fai falla que exista poboación no rural para xestionar o territorio. Mais se volvemos aos datos vemos que, en Galiza, as medianas e grandes explotacións xestionan a penas unha quinta parte da superficie agraria, aínda que compre reparar na diferenza entre unhas e outras. Pola contra, as pequenas explotacións familiares labregas xestionan catro quintas parte da SAU.

Pero ademais compre fixarse na xestión do monte que representa aproximadamente o 60 % da superficie galega. A parte que xestionan as pequenas e medianas explotacións agrarias é claramente residual. Sen embargo, as pequenas explotacións familiares labregas xestionan aproximadamente a cuarta parte da superficie de monte de propietarios particulares ( e arredor dun un 30 % de superficie arborada ). Dentro de cada explotación, a superficie de monte representa aproximadamente unha terceira parte da superficie total das pequenas explotacións agrarias, mentres que a penas é unha sexta parte nas grandes e medianas.

En resumidas contas o monte xestionado polos veciños/as ( montes veciñais) e as pequenas explotacións familiares labregas representa aproximadamente a metade da superficie total. Tradicionalmente, a produción forestal do monte, foi vista como un complemento ou, como xa se ten dito, a “caixa de aforros” á que recorrían os labregos/as cando necesitaban diñeiro. É pois unha xestión feita desde unha perspectiva pouco “capitalista” . Habería que preguntarse si a día de hoxe isto é un defecto ou unha virtude .

O abandono da xestión e do traballo nas terras agrarias é un problema incuestionábel. Hai quen opina que é debido á pouca mobilidade das mesmas consecuencia, á súa vez, da resistencia dos propietarios/as a arrendalas. A análise deste problema e a súa magnitude non é doado pero podemos intentalo a partir do estudo das terras que están en arrendamento e/ou parcería. Como é lóxico, a necesidade de aumentar a base territorial non é a mesma para as distintas orientacións produtivas. Así por exemplo as explotacións de horta a penas utilizan terra allea. Sen embargo, no caso das explotación de vacún o uso de terra arrendada aumenta claramente co tamaño da

explotación, chegando a utilizar, no caso das máis grandes, arredor da metade de terras que non son propias. Como media as explotacións “profesionais” aumentan case un 25% a súa base territorial mediante arrendamento. Por outra banda, segundo os nosos estudos está mobilizada arredor do 40% das terras correspondentes a persoas que non as traballan. Estes datos admiten distintas interpretacións e valoracións. A porcentaxe de terras arrendadas evidentemente podería ser maior mais tamén se pode dicir que é significativa.

Tendo en conta que a demanda de terras arrendadas ou en parceria está concentrada nas explotacións mais grandes e que estas son limitadas en numero, cabería preguntarse se, no caso da mobilidade de terras, ademais dun problema de oferta non haberá un problema de demanda. Parece lóxico que así sexa. Por unha banda, as grandes explotacións, con algunhas excepcións, están camiñando cara un modelo produtivo cada vez mais industrial e menos dependente da base territorial. Por outra banda, o aumento desta ( que supón un aumento do numero de animais e polo tanto do traballo necesario para atendelos ) é unha estratexia pouco viábel para as pequenas explotacións porque nelas xa se ten acadado un certo equilibrio en canto ao tamaño. Sen embargo pode ser un problema crucial para explotacións medias en transición cara un sistema produtivo mais ligado a terra.

En resumidas contas, existen moitas evidencias de que a xestión do territorio rural descansa sobre as pequenas explotacións labregas familiares e que estas serían as principais responsábeis de que o abandono das terras non sexa aínda maior.

Outro aspecto a ter en conta é o mantemento da estrutura territorial e a paisaxe. Somos un país que, en lugar de adaptar as máquinas ao territorio, decidimos adaptar o territorio ás máquinas que outros fabricaron. O lóxico sería que o quad ( ou algo parecido) se inventara en Galicia, máis aquí o que inventamos foi como tirar os valados e as sebes para que entraran as grandes máquinas, aínda que tamén existen algúns poucos e interesantes exemplos do contrario.

Consecuencia do noso odio polo minifundio, a destrución dos valados de pedra e das sebes foi sistemática. Sen embargo hai anos que asociacións de todo o mundo comezaron a valorar as denominadas construcións de pedra seca ( "*Coordinadora d'Entitats per la Pedra Seca*" en Catalunya; *Dry Stone Walling Asociación* no Reino Unido; *Dry Stone Conservancy*, en Estados Unidos, a fundación a prol do medio ambiente -(FAFE- en Suíza; etc. ). Distintos autores poñen en valor os valados de pedra seca como elementos constitutivos da identidade paisaxística, corredores migratorios favorecedores da biodiversidade e infraestruturas para contra a erosión (Cerdà, A. 2000 ; Sorolla, A. 2000 ). As construcións de pedra seca atópanse en toda Europa e, para algúns autores son un elemento fundamental da identidade cultural europea.

No medio rural galego existe unha grande cantidade de construcións susceptibles de ser conservadas polo seu valor patrimonial. Moitas son descoñecidas pola xente nova e mesmo pola que non é tan nova. No monte podemos encontrar foxos do lobo, alvarizas ou cortíns, ouriceiras ou curripas, sequeiros de castañas,... No monte tamén, relacionadas co pastoreo, podemos atopar chozos, cabanas de pastores, cabanas de alzada, cabanas para almacenaxe de herba seca, curros ou currais, depósitos de auga. Xa mais preto das aldeas, hórreos, muíños, mazos, pombais,

fontes, bebedoiros,... Si vale a pena poñer en valor a nosa estrutura territorial e a nosa paisaxe non fará falta insistir en que son as pequenas explotacións labregas familiares as que permiten conservar a organización tradicional do minifundio galego, parcelas pequenas e dispersas separadas por valados ou sebes, con construcións específicas como presas, sistemas de rega, refuxios, etc. que configura unha paisaxe diferenciada de grande valor e reserva de biodiversidade como teñen indicados varios autores ( Marshall,E.J.P. et al , 2002, Baldi et al., 2005, ).

### **5.- En resumidas contas ¿ Qué é o mundo rural hoxe?**

Chegados aquí, as pregunta son inevitábeis : Hoxe en día ¿ quen vive no medio rural ? ¿ de qué se vive no medio rural ?

Sen esquecer que no medio rural se desenvolven unha serie de actividades económicas agrarias e non agrarias, relacionadas fundamentalmente co sector servizos, que cada vez teñen maior importancia, podemos facer dúas afirmacións. En primeiro lugar que a maior parte da superficie rural é monte, hoxe en día dedicado á produción forestal de carácter claramente extractivo e exportador que moitas veces entra en competencia co propia actividade agrogandeira. En segundo lugar que o medio rural é fundamentalmente un lugar de residencia, o territorio onde se asentaron as traballadoras e traballadores simbióticos de Galiza, xubilados/as ou activos/as, practicando unha agricultura coas características básicas do que mundialmente se coñece como agricultura periurbana . No medio rural teñen a súa vivenda e, en maior ou menor medida, cultivan a súa terra pero, habitualmente, o seu centro de traballo está nas cidades ou vilas.

Así pois, o medio rural é algo máis que o sector agrario, sen embargo non é posible entendelo sen a actividade agraria ( agrogandeira e forestal ) xa que o impregna todo. A actividade agraria é condición necesaria, aínda que non sexa suficiente, para a existencia dun medio rural vivo.

Si o observamos desde esta perspectiva, podemos dicir que o medio rural está ocupado fundamentalmente por pequenas explotacións labregas familiares que producen principalmente para alimentarse a si mesmos ou á poboación máis próxima. Prestan servizos ambientais e xestionan o territorio. Son moi versátiles. “Assim para um pode ser determinante o *rendimento monetario* retirado da unidade agrícola, enquanto outro está principalmente interessado na *residencia* e na *alimentação*. Podem indicarse aínda outras funcións que a unidade familiar pode asegurar: *modo de vida* que se exprime tanto en garantir um *estatuto social ajustado á identidade e historias persoais* como en permitir *viver num meio social que agrada e que se conhece*; uma base que permite obter rendimentos quer pola sua simples existência (.../...) quer pelo estatuto que proporciona (.../...); *sucessão* ou sexa expectativa de ser o suceso; *lazer* e *patrimonio*” ( Oliveira Baptista, 2001 )

Son as pequenas explotacións labregas familiares as que responden fundamentalmente á idea de labregos/as, campesiños/as, traballadores da terra, xente do rural ... ou como se queira chamar. Dentro das novas funcións que se lle asignan a unha agricultura multifuncional, as pequenas explotacións labregas familiares teñen vantaxes comparativas e son fundamentais para o futuro. Aquilo que no pasado ( e aínda hoxe) se consideraba debilidade, en realidade pode ser unha oportunidade. ”Nalgúns casos, as oportunidades atópanse nos sistemas de cultivo en pequena

escala que son moi eficientes no uso da auga, os nutrientes e a enerxía, conservando os recursos naturais e a diversidade biolóxica sen sacrificar os rendementos, mais os elevados custes de comercialización non lles permiten aproveitar estas oportunidades “ ( IAASTD. 2008 )

A estas alturas, se cadra estaredes pensando que estamos esaxerando o papel das pequenas explotacións labregas familiares ou mesmo que as estamos idealizando. Efectivamente, a realidade non é a desexábel. Non pretendemos dicir que as pequenas explotacións labregas familiares están en boa situación. Non é esa a nosa intención. Se cadra facémonos entender mellor cun conto. Supoñamos unha familia que vivía nunha casa vella do casco histórico dunha cidade. As condicións de habitabilidade da casa e o ambiente de miseria da zona non se consideraba axeitado, así que, en canto tiveron posibilidades económicas, mercaron un piso nun moderno barrio da parte nova da cidade e alí viviron durante anos.

Agora a filla herdou a vella casa. Non a coñece aínda que viviu moi de nena e oíu falar dela como unha ruína da que habería que desfacerse. Un día vai visitala e atopase que efectivamente está moi deteriorada, pero o centro histórico foi declarado patrimonio histórico, ten vida comercial e as rúas están empezando a amañarse. As casas agora non son vellas senón antigas e valiosas, polo que están comezando a rehabilitarse. ¿Qué pensará esta muller? Si tivera cartos para investir na rehabilitación, é probábel que pense que esta casa xa non é unha herdanza do pasado da que debe desprenderse como lle dixeron os pais, senón unha parte, cando menos, do seu futuro.

Pois ben esta é a idea que queremos transmitir sobre as pequenas explotacións labregas familiares. O tempo pasou, o paradigma agrario cambiou e posiblemente cambiará mais, e , polo tanto, o que considerabamos atrasado e marxinal, ao mellor ( mirádeo se queredes só como unha posibilidade ) pode ser a base do novo proxecto de futuro para o medio rural. Ate de agora os ollos de todo o mundo ( e as políticas agrarias) estiveron fixos nas explotacións profesionais, as únicas que, para unha maioría de técnicos/s, analistas e políticos/as , merecen, a día de hoxe, o nome de explotacións agrarias. A nosa intención é amosar outra realidade, cambiar a dirección da mirada para poder ver con mais claridade. E o que vemos non está ben... pero ten enorme posibilidades.

No medio rural aséntanse tamén explotacións agrogandeiras profesionais, altamente tecnificadas cunha produción intensiva case en monocultivo, destinada á exportación. Ocupan e xestionan unha pequena parte do territorio. As grandes explotacións profesionalizadas, aseméllanse cada vez mais a industrias que se asentan no medio rural e utilizan os recursos do mesmo cada vez en menor medida. Cando acaden o final da evolución que están a seguir, poderémolas considerar como unha industria mais, que traballa con seres vivos, pero concibidos como un produto industrial. Para elas, o medio rural só terá interese en canto lugar físico para asentar a súa industria ( un enorme polígono industrial). Podémolas cualificar de industrias, porque se organizan ou tentan organizarse con criterios propios da actividade industrial. Como tais é como deberan ter un sitio no medio rural agora e no futuro.

Finalmente , unha parte das explotacións están no limite no que se desborda o carácter familiar para pasar a ser explotacións industriais. Neste sentido poderémolas considerar en transición, con posibilidades aínda de elixir o modelo produtivo a seguir. Comparten características dos dous

grupos, mais ou ben optan por seguir o modelo de agricultura industrial ou ben optan por seguir un modelo de produción extensiva que as achega á pequenas explotacións labregas familiares, non tanto no tamaño das mesmas como no volume de investimentos necesarios, na mao de obra ocupada e na ocupación do territorio. Unha explotación cun modelo de produción extensiva consume poucos recursos financeiros e, habitualmente, só emprega mao de obra familiar. Utiliza a terra como un recurso para a alimentación do gando, con baixas cargas gandeiras polo que, si ben o territorio que ocupan está pouco poboado, poden xestionar unha superficie importante.

Lugo, outono de 2012

Xoan Carlos Carreira Pérez  
Emilio Carral Vilariño